



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
M^a Jesús Losada Rodríguez
Carlos Mollinedo Lois

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña
Marcos Estévez Orge (DS)

U.G.T.

Juan José Fernández Pérez
Pablo Álvarez Rodríguez (DS)

DELEGAN VOTO

Carmen Serra Rodríguez
Antón García Fernández
Rodrigo Albarte Pivida
Arturo Casar Sarasola

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo
Concepción García Lozano

***DS-** Delegado Sindical

Reunidos no Edificio de Ferro do Campus de Ourense, o día 26 de outubro de 2006, ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.
4. Proceso de negociación para o II Convenio. Situación e propostas: convocatoria de asembleas, consultas ao persoal, etc.
5. Convocatoria Téc. Superior Actividades Culturais
6. Convocatoria concurso traslados (grupo IV e TEB)
7. Elaboración listas de agarda de ATSX e TETIC...
8. Escritos persoal, propostas e acordos, se procedera:
 - a) Persoal ATIC (sobre o retraso no cumprimento do acordo da Comisión Paritaria)
 - b) Julio Mera
 - c) Julio Blanco Piñeiro e outros
9. Cursos de formación e accións formativas. Situación actual, propostas e toma de acordos.
10. Proposta nova categoría de Técnico especialista de instalacións de I+D+i. Contidos funcionais, responsabilidades, etc.
11. Rogos e preguntas.

Antes de comezar a reunión o Presidente da conta dos votos delegados que corresponden aos debidamente enviados por Carmen Serra, que delega Manuel Velasco, Antón García, Carlos Mollinedo e Rodrigo Albarte que delegan en Cándido Perez e Arturo Casar que delega en Juan José Fernández.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Apróbase a acta tras realizar as pequenas modificacións que non afectan ao seu contido.

2. Informe do Presidente.

O presidente da conta dos seguintes asuntos:

- Da contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
- Da execución dos acordos:
 - o Nomear a Manuel Velasco como representante do CI ante a xerencia para reorganizar as listas de ATSX E TETIC.
 - o Contestar os distintos escritos enviados ao Comité:
 - José Benito Rodríguez González
 - José Díaz Vázquez.
 - Liliam M. Díaz Pérez.
 - Xabier Sánchez Soto.



- Estetanía C. López Silva.
- Da prórroga da dispoñibilidade horaria da área de deportes.
- Da autorización por parte de xerencia de goce dos días 24 e 31 de decembro como días de asuntos propios.
- Da invitación do Comité de Empresa da Universidade de Granada a participar nunhas xornadas de acción social.
- Da sentenza na que se estima parcialmente a demanda de piedade Suárez Rosende.
- Dos cursos da área de normalización lingüística.
- Da reclamación de honorarios da procuradora que intervéñen na demanda do complemento de antigüidade para o persoal contratado.
- Dos escritos enviados por Eva Garea e Amelia Rodríguez da oficina da ORI.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

- **Intercambio de vacacións.**

Carlos Mollinedo, o representante do CI no intercambio de vacacións da conta do que se tratou na reunión celebrada en Cádiz o 19 e 20 de outubro.

A Universidade Complutense solicitou entrar no intercambio e ofrecen 330 prazas. O representante da Uvigo opúxose a esta nova incorporación e o representante da Jaume I levantouse da reunión porque ese asunto non estaba na orde do día.

Carlos, di que no momento actual hai tres saídas para continuar co intercambio: a primeira sería negociar con RESA (a empresa que ten a concesión das residencias da Universidade de Vigo) en vez de co seminario (actualmente as prazas que ofrece a Uvigo están situadas neste lugar). A segunda, sería presentarnos con menos prazas e aínda que recibiríamos unha sanción non nos botarían fora. A terceira saída sería seguir como estamos é dicir, continuar no seminario.

- **Participación de membros do CI en distintas comisións de selección de persoal (Programa que substitúe ao Programa labora)**

As seleccións realizáronse e resolvéronse sen incidencias a destacar, segundo o manifestados polos distintos representantes do CI.

4. Proceso de negociación para o II Convenio. Situación e propostas: convocatoria de asembleas, consultas ao persoal, etc.

Antes comezar este punto, Marcos Estevez propón asistir a un acto de presentación dun máster pois vai a estar o reitor e sería un bo momento para amosarlle o noso descontento por como van as negociacións.

Cándido Pérez, responde que esa decisións corresponde aos sindicatos e non ao CI. Pablo Álvarez, alega que é unha petición dos traballadores.



Ao non chegar a acordo, os representantes de CC OO e UGT solicitan que quince minutos antes do acto se faga un receso para poder estar na presentación.

Manuel Velasco, indica que o proceso de negociación está acabado e que polo tanto non é necesaria ningunha reunión máis.

Cándido Pérez, di que a negociación ou acaba con conflito ou asinando o preacordo. Xustifica a asistencia a esa reunión porque nas asembleas recolleron propostas concretas que lle enviaron ao xerente. Remata esta intervención asegurando que o obxectivo da CIG é conseguir un Convenio apoiado pola maioría.

Marisa Magaz, intervén para dicir que o xerente non pode confundir a toda a comunidade universitaria lanzando propostas a través da web. Asegura que o conflito non é só cos responsables da universidade, o conflito tamén o ten a CIG co persoal que representa. Por último, asegura que o persoal de conserxería non quere unha nova categoría, tal e como demostra o escrito enviado por 87 traballadores/as desta área.

Cándido Pérez, responde que el non se mete nos asuntos doutros sindicatos e lembra que alguén deu un portazo.

Concepción García, pregunta por qué non están os tres sindicatos unidos.

Cándido Pérez, lle responde que llelo pregunte ao seu delegado sindical asegurándolle que é o seu sindicato (UGT) o que non practica a unidade sindical.

Manuel Velasco propón convocar asembleas decisorias dos traballadores dende o Comité Intercentros.

Cándido Pérez, noutra intervención, manifestase a favor dunha consulta na que os traballadores decidan. A votación, asegura, ten que ser vinculante e cunha pregunta sinxela. Propón que o censo se elabore só co persoal que cobra do capítulo I.

Marcos Estevez, toma a palabra para asegurar que, polo que se ve, os tres sindicatos estamos en contra da proposta do xerente, e si é así que sentido ten preguntarlle ao persoal. Recorda que levamos dende abril de 2005 negociando e fai a seguinte pregunta: que ten que pasar para que reaccionemos?. Para el non hai dúbida, na última reunión o xerente manifestou taxativamente que era a última e que mesmo se despediu agradecendo o bo ambiente que se mantivo durante toda a negociación. Polo tanto, a convocatoria doutra reunión non é mais cunha manobra dilatoria e de confusión. Remata a súa intervención aseverando que hai cartos para estabilizar ao PDI e para elaborarlles un plan de xubilación máis non para o persoal laboral, polo tanto é necesario convocar as asembleas para mobilizar aos traballadores.

Chus Losada, pregunta se o que se propón é convocar as asembleas sen esperar a reunión co xerente (luns 30 outubro).

Marcos Estevez, responde que o xerente as propostas que fixo CC OO dixo a case todas que non, sen máis razoamentos.

Chus Losada, afirma que o persoal está cansado de tanta asemblea.

Cándido, volve a intervir para corroborar que o luns asistiran a reunión que convocou a xerencia a defender a súa proposta.



Marisa, por último, conclúe aseverando que o xerente quere xogar cos representantes dos traballadores, manifestase en contra de ir a reunión do luns 30 e di que o diálogo xa se acabou.

[Neste momento decídese interromper a reunión e continuala en Vigo o martes 31 de outubro]

[O martes 31 de outubro continua a reunión coas seguintes incidencias: Carlos Mollinedo, que non asiste, delega o seu voto en Cándido Pérez, Arturo Casar, delega en Juanjo Fernández e Antón García asiste a esta continuación]

5. Convocatoria da praza de Técnico superior de actividades culturais.

Acórdase constituír unha comisión do CI para que axuste o temario de Técnico superior de actividades culturais.

6. Convocatoria concurso traslados (grupo IV e TEB)

Marcos Estevez, lembra o din os Estatutos sobre a RPT e propón adiar o concurso ata despois de ter negociada a relación de postos.

Federico Fernández intervéñ para recalcar que unha vez que se realizaron as promocións internas xa é posible realizar o concurso.

Faise un recuento dos postos vacantes en biblioteca e conserxerías e saen 6 e 12, podendo esta última chegar ata 18. O Pleno entende que é mellor adiar o concurso.

7. Elaboración listas de agarda de ATSX e TETIC...

Manuel Velasco da conta do encargo que lle propuxo o CI.

Na praza de ATSX a comisión (vixexerente, xefe RR HH e representante CI), recuperouse para a lista a persoal que xa estiveron traballando para a universidade. Aínda así, o listado é pequeno e no curto prazo é preciso elaborar unha nova lista. Na de TETIC (na última oposición houbo menos aprobados que prazas e polo tanto non quedaron candidatos para a lista de agarda) elaborouse unha nova lista coa combinación dos criterios de tempo traballado na Uvigo e nota do exame. Nesta última lista, e con estes criterios producíronse dúas contratacións. Non obstante, cando días máis tarde membros da comisión foron informados de que nesa oposición houbera promoción interna, acordaron poñer na lista ás persoas de promoción interna por diante do persoal da quenda de libre. Acórdase enviar unha carta aos afectados por se quixeran reclamar.

8. Escritos do persoal, proposta e acordos, se procedera:

- a) Persoal ATIC (sobre o retraso no cumprimento do acordo da Comisión Paritaria)**
- b) Julio Mera**
- c) Julio Blanco Piñeiro e outros**

Persoal ATIC



Cándido, da conta que este persoal cobrou os atrasos dende contabilidade e non dende nóminas.

Julio Mera.

Julio Mera, auxiliar técnico de instalacións deportivas, enviou un interesante escrito con algunhas suxestións para mellorar a xornada de fin de semana. Dáselle lectura ante o Pleno para posteriormente organizar un debate, que conclúe reiterando todos os intervenientes que esta xornada é preciso axustala ás 35 horas.

Julio Blanco e outros.

Encabezaba un escrito no que os traballadores e traballadoras do Campus de Pontevedra expresan o seu malestar porque nesa cidade non se organizou o cursiño de mantemento . Tras darlle lectura e debater sobre o seu contido o Pleno acorda enviar unha carta á xerencia instando a que os cursos que se fagan na universidade tamén se organicen no Campus de Pontevedra. Tamén se fai unha suxestión para que nos cursos que se organicen no Campus de Vigo se deixe sempre unha reserva a cubrir polo persoal que tendo a súa residencia en Vigo está a traballar en Ourense.

9. Cursos de formación e accións formativas. Situación actual, propostas e toma de acordos.

O curso sobre fundamentos da organización e o mantemento, tiña dúas quendas á de mañá e a de tarde nos Campus de Ourense e Vigo. Un dos problemas que se deu foi que houbo persoal que puido facelo en horas de traballo e outro fora do horario laboral

Cándido, fai unha intervención para dicir que o que se organizou foi un curso e non unha acción formativa.

Marisa, pide que se lle explique a diferenza entre estes dous conceptos.

Antón García, sostén que está a favor de que o CI amose a súa protesta, non obstante, matiza que se puidera dar o caso de que no Campus de Pontevedra non houbera o número suficiente de participantes ou que nesa cidade non se atopen as instalacións necesarias para organizar un curso. Ao seu entender, a diferenza entre formación e curso non está regulada. Tamén cuestiona o seguinte: se todo curso se fai en xornada de traballo, que cadro de persoal temos que ter para garantir o dereito que todos e todas temos a asistir.

Cándido, intervén de novo, para afirmar que a acción formativa ten que ver coa promoción laboral, e os cursos se fan sobre asuntos comúns (prevención, ofimática, os organizados polo CI, e outros de carácter xeral).

Pablo Álvarez, asegura que os cartos que a Uvigo destina a formación son nosos e que a empresa ten o deber de formarnos.

Marisa Magaz, apunta que no curso en cuestión faltou planificación e que bota de menos que non se organicen curso sobre audiovisuais, por exemplo, para evitar que o persoal se teña que buscar a vida ou autoformarse e considera que si se organizan ben é posible facer os cursos en horas de traballo.

Antón, volve a falar para manifestar que se teñen realizado cursos sobre fontanería ou electricidade sen que a universidade lle esixira aos participantes que puxeran os coñecementos adquiridos en práctica. Continúa a súa disertación dicindo que a universidade non ten toda a responsabilidade e que os traballadores temos que ser máis autocríticos.



10. Proposta nova categoría de Técnico especialista de instalacións de I+D+i. Contidos funcionais, responsabilidades, etc.

Cándido Pérez, comeza o debate, dicindo que este asunto hai que retomalo cando se negocie a RPT, documento no que aposta por incluír esta nova categoría (técnico de I+D), ao considerala unha oportunidade de promoción. Para cubrir a necesidade propón un concurso de méritos entre técnicos especialistas de servizos xerais.

Marisa Magaz, recorda que se constituíu unha comisión do CI (Unha por sindicato, UGT desculpa a súa asistencia, o representante de CIG é Cándido Pérez e a de CC OO Marisa Magaz) que visitou o centro de Toralla e o CACTI que considerou que o traballo a realizar nestes centros son propios dun técnico especialista de servizos xerais.

Carmen Serra, intervén para confirmar que as funcións que realiza a auxiliar técnico de servizos xerais lle foron impostas, no seu día, pola directora do CACTI.

11. Rogos e preguntas.

Acordos:

- Constituír unha comisión para adaptar a proposta de convocatoria de TSSAACC ao que se recolle no Convenio.
- Enviar escrito aos posible afectados da lista de agarda de TETIC.
- Enviar unha carta a xerencia instando a que os cursos que se organicen para o PAS laboral se fagan nos tres campus.

Asdo.: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)